

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA DOCENCIA ESPECIALIZADA (FORMACIÓN ESPECÍFICA) MEDIANTE LOTES NO MARCO DO PROXECTO “LUGO EMPREGO ACTIVO 2” COFINANCIADO NUN 80% POLA UE A TRAVÉS DO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO PROXECTO: 112410004).

Sendo as 12:00 horas do día 19 de maio de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, dona Sonia Méndez García, actuando como vocais, don Angel Trabada Gomez polo grupo do Partido Popular, Dona Paz Abreira Sobrado polo grupo do BNG, Don Marcial Rodríguez Toajas, pola Intervención Municipal, dona Maria García Ferro Vicesecretaria do Concello en representación da Asesoría Xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

Abre a sesión a Sra. Presidenta da mesa e procédese por parte do Secretario a informar ós membros da Mesa da presentación de alegacións por parte da mercantil Asociación de Fabricación, Reparación, Alquiler y Venta de Automóviles y afines, componentes y accesorios de la Provincial de Lugo - APREVAR - co fin de subsanar a documentación que acredite a capacidade para ser adxudicataria do contrato de referencia (Lotes 1 e 3) dentro do prazo regulamentario concedido polos membros da mesa segundo se recolle na acta do día 12 de maio de 2014. Sostén o representante de APREVAR no seu escrito de alegacións que por parte da mesa de contratación se confunden dous artigos dos seus estatutos, o 4 relativo ao ámbito da asociación e o 7 relativo a fins da asosociación e que según o alegante sí establece o seu obxecto social. Concretamente alude aos apartados 8, 10 bis e 11 bis, que indican as seguintes funcións:

8) Organizar actividades e servizos de carácter formativo, asistencia técnica, para o mellor desenvolvemento dos seus propios fins e beneficio dos seus asociados.

10bis) O fomento da prevención de riscos laborais.

11bis) Promocionar a igualdade de xénero entre homes e mulleres.

Dos cales conclúe que entre os fins de APREVAR se atopa recollida expresamente a organización e servizos de carácter formativo, polo que esa asociación SÍ conta con capacidade suficiente para ser adxudicataria deste contrato.

CONTRATACION

MLA/rdi

Ref: LUGO EMPREGO ACTIVO 2

Asunto: ACTA NON ESTIMACIÓN ALEGACIÓNS APREVAR

Tras o análisis do escrito, e a consulta cos membros técnicos da mesa de contratación, acórdase rexeitar as alegacións formuladas e non admitir a proposición presentada por APREVAR, polos seguintes motivos:

- O artigo 57 do TRLCSP establece que as persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios..

- Do examen do artigo 7 en relación co 4 dos estatutos de APREVAR parece indubitado que non posúe capacidade para a realización dos cursos de atención sociosanitaria a persoas no domicilio e de coidador/a de persoas dependentes e enfermas de alzheimer e elo porque, aínda que no apartado 8 se menciona como un dos seus fins a organización de actividades e servizos de carácter formativo, estes deben serlo, como se sinala literalmente "*para el mejor desarrollo de sus propios fines y beneficio de sus asociados*", resultando claro que a prestación das accións formativas que pretende contratar o Concello de Lugo non o son para o desenvolvemento dos fins desta asociación nin en beneficio dos seus asociados. No tocante aos apartados 10 e 11 do artigo 7 dos estatutos de APREVAR, non se consideran relacionados coas actividades obxecto desta contratación e, polo tanto, habilitantes para a consideración da capacidade para a realización da mesma.

- Se ben é certo, e así o ven mantendo a mesa de contratación, que debe realizarse unha interpretación ampla ou flexible á hora de valorar que o obxecto social da empresa habilite para a realización das prestacións obxecto de contratación, debe existir unha certa relación ou conexión entre aquel e éstas para poder levar a cabo esta interpretación, o cal non acontece no suposto de referencia, no que dos estatutos dunha asociación de fabricación, reparación, alquiler e venda de automóviles e afíns, compoñentes e accesorios da Provincial de Lugo non se deduce que poidan habilitar para a prestación de cursos de atención sociosanitaria ou coidador de persoas enfermas de alzheimer.

- No tocante ao resto de documentación aportada polo representante de APREVAR, se ben se considera que non serve para a valoración da súa capacidade xa que o artigo 57 do TRLCSP establece claramente que ésta debe deducirse dos seus estatutos, si cómpre sinalar que non é obice que todos os certificados de profesionalidade para o que está acreditado por parte da administración autonómica ningunha relación teñen coa materia obxecto de contratación.

Na súa consecuencia os membros da Mesa acordan excluír a mercantil Asociación de Fabricación, Reparación, Alquiler y Venta de Automóviles y afines, componentes y accesorios de la Provincial de Lugo - APREVAR -da contratación de referencia para os lotes 1 e 3 e requirir a presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para contratar á seguinte empresa na orde que



Concello de Lugo

CONTRATACION

MLA/rdi

Ref: LUGO EMPREGO ACTIVO 2

Asunto: ACTA NON ESTIMACIÓN ALEGACIÓNS APREVAR

FOLIO

619

quedaran clasificadas, esto é, a empresa Asociación de familiares e enfermos de alzheimer e outras demencias de Lugo - AFALU.


Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 12.30 horas, no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz



MURALLA